



Acordo de inicio de tramitación do proxecto integrado de nova estación intermodal de Santiago de Compostela (estación de ferrocarril – estación de autobús – pasarela peonil de conexión) por Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese

De conformidade co disposto no apartado segundo do artigo único da Lei 3/2016, do 1 de marzo *“os proxectos promovidos por órganos das administracións públicas ou de dereito público que sexan desconformes co planeamento urbanístico aplicable poderán executarse se se aprecian razóns de urxencia ou excepcional interese público de acordo co previsto neste artigo”*.

Pola súa parte, o apartado terceiro establece que *“o órgano promotor dará traslado do proxecto á consellería competente por razón da materia e solicitará o inicio do procedemento previsto neste artigo”*.

En data 10 de marzo de 2017 Don Ignacio Maestro Saavedra, Director Xeral de Mobilidade, solicita que se proceda ao inicio da tramitación do procedemento previsto na Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, para a aprobación do proxecto integrado de nova estación intermodal de Santiago de Compostela (estación de ferrocarril – estación de autobús – pasarela peonil de conexión).

Xunto coa petición de inicio, acompáñase informe relativo a concorrencia das razóns de urxencia ou excepcional interese público autonómico do proxecto.

Á vista de todo o anterior e dándose os requisitos previstos na Lei 3/2016, do 1 de marzo,

ACORDO

Iniciar a tramitación do proxecto integrado de nova estación intermodal de Santiago de Compostela (estación de ferrocarril – estación de autobús – pasarela peonil de conexión) pola Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2017

O secretario xeral técnico

Joaquín Macho Canales

